



CRITERIO SOBRE SUBIDA DE ASCENSORES AOS ESPAZOS BAIXO CUBERTA

Tal e como establece o CTE, no seu Documento Básico DB SUA 9:

1.1.3 Accesibilidad en las plantas del edificio

1 Los edificios de uso Residencial Vivienda dispondrán de un itinerario accesible que comunique el acceso accesible a toda planta (entrada principal accesible al edificio, ascensor accesible o previsión del mismo, rampa accesible) con las viviendas, con las zonas de uso comunitario y con los elementos asociados a viviendas accesibles para usuarios de silla de ruedas, tales como trasteros, plazas de aparcamiento accesibles, etc., situados en la misma planta.

Na mesma liña, vai o disposto na Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia, no seu artigo 24.2:

2. Accesibilidade entre plantas do edificio: os edificios de nova construción e as vivendas plurifamiliares ou unifamiliares deberán ter itinerarios accesibles que permitan a comunicación entre a vía pública, a entrada a cada vivenda e as dependencias e as zonas de uso comunitario que estean ao seu servizo mediante itinerarios accesibles. No caso das vivendas unifamiliares e nos edificios plurifamiliares que se establezan regulamentariamente, o itinerario accesible que comunique a vía pública e a entrada á vivenda pódese substituír por unha previsión dun espazo suficiente que permita no futuro a instalación dos produtos de soporte necesarios. Os conxuntos residenciais formados por vivendas unifamiliares considéranse edificios plurifamiliares en canto ás condicións de accesibilidade que deben cumprir as súas zonas comúns.

Polo tanto, aos efectos de garantir a accesibilidade universal, e a integración das persoas con discapacidade, para o caso de que se solicite título habilitante para a instalación ou modificación do recorrido dun ascensor, de xeito que se procure acceso a espazos do edificio aos que inicialmente non chegaba o aparato elevador, deberán terse en conta as seguintes observacións:

- a) Os ascensores poderán chegar e ter parada en aquelas plantas ou espazos nos que exista un uso previamente implantado que conte con título habilitante.
- b) Se o uso implantado non conta con título habilitante, deberá tramitarse previamente o correspondente expediente de reposición da legalidade, a resultados do cal quedará establecido se as obras que permitiron a implantación do uso son legalizables, deben quedar suxeitas ao réxime de fora de ordenación do artigo 90.2. da LSG ou deben ser demolidas para repoñer a legalidade urbanística vulnerada.

Unha vez, establecido o anterior, e sempre e cando as obras executadas carecendo do preceptivo título habilitante non deban ser obxecto de reversión e/ou demolición, poderase admitir a chegada do ascensor á planta ou espazos en cuestión, sempre que se poda acreditar que a implantación é conforme coa lexislación e normativa aplicable.



Concello da Coruña

- c) Se non existe un uso previamente implantado, en calquera dos supostos anteriores (apartados a e b), deberase recoller no proxecto de implantación de ascensor ou modificación do trazado do mesmo, a atribución de uso e as determinacións necesarias para xustificar o cumprimento da normativa e lexislación de aplicación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento

A xefa do Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística

Yolanda Teixido Infante

Conforme,

A Directora da Área de Urbanismo

Gloria de la Montaña Alcántara-García